

PATERNALISMO EMPRESARIAL E “DESARROLLISMO”. REFLEXIÓN SOBRE A CONSTRUCCIÓN DO POBOADO MINEIRO DE FONTAO

MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO
Universidade de Santiago de Compostela

ABEL F. LOSADA ÁLVAREZ
Universidade de Vigo

Recibido: 29 de outubro de 2007

Aceptado: 8 de novembro de 2007

Resumo: Neste traballo estúdase a creación dun espazo urbano-industrial na contorna das minas de estaño e de volframio de Fontao (Pontevedra), enmarcándoo no proceso de modernización da empresa mineira. A política de xestión da man de obra recolle, en parte, os presupostos do chamado “paternalismo industrial”.

Palabras clave: Industria mineira / Poboado mineiro / Fixación de man de obra / Galicia.

ENTERPRISE PATERNALISM AND “DESARROLLISMO”. REFLECTIONS ABOUT THE BUILDING OF THE MINING TOWN OF FONTAO

Abstract: It focus on the creation of an urban-industrial space in the surroundings of the tin and wolfram mines of Fontao (Pontevedra), fixing it into the modernization process of the mining enterprise. The labour force management policy pick up, partly, the budgets of the so-called “enterprise paternalism”

Keywords: Mining industry / Mining town / Labour force fixing / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

Fontao e o seu poboado, como toda realidade histórica, responden a un tempo e a un modo. Se hoxe o primeiro que chama a atención é o feito de que se levantara un poboado industrial, que sorprende pola súa realización urbanística, nunha contorna rural fixada nun dos extremos do concello de Vila de Cruces (Pontevedra), este inusual espazo non se explicaría sen a contigua presenza da inactiva, e ata hai ben pouco tempo afamada, mina de estaño e de volframio.

E se a explotación mineira precede ao poboado industrial, tal e como o coñecemos, toda a historia da explotación de Fontao discorre en paralelo á necesidade de asentar traballadores ao pé da mina, en vivendas ás veces improvisadas ou reconvertidas de anteriores usos ata chegar a levantar primeiro ringleiras de casas de madeira, que acadarían a denominación popular de “barrio da madeira”, e que constitúen o antecedente inmediato do actual poboado. Porén, e o que non deixa de ser un sorprendente paradoxo, é que, unha vez que se levante o poboado moderno, axiña perderá a súa funcionalidade habitacional ao cesar toda a actividade extractiva e a de primeira transformación.

Deixamos escrito noutro lugar (Rodríguez Galdo e Losada, 2002) en que medida a comprensión da realización do asentamento humano que se ergue coma unha testemuña actual dun inmediato pasado de esplendor, coa súa singularidade arquitectónica e urbanística, demandaba a historia da mina. Ambos os dous estudos, revestidos dunha singular complexidade polos campos que necesariamente abarcan, concitaran en nós un interese engadido ao encerrarse alí unha parte da historia recente de Galicia apenas percibida.

A empresa das minas de Fontao mostraba ata que punto fora posible tecer conexións co “mundo moderno” desde unha contorna rural con problemas nunca resolto de mellora das súas difíciles vías de comunicación. Sorprendía, en verdade, descubriremos a vinculación de Fontao co mercado mundial a través da conxuntura da demanda mundial de volframio, da chegada de capitais estranxeiros, da importación da tecnoloxía, pero tamén polas innovacións na xestión empresarial; sen esquecer tampouco aqueles aspectos que desde o punto de vista social, urbanístico, político ou mesmamente literario nos remitían a outras realidades só aparentemente afastadas.

O mundo establecido en Fontao revélase, ademais, coma un magnífico banco de probas para realizarmos tamén un exercicio de arqueoloxía industrial. Se aceptamos a opinión hoxe máis xeneralizada¹ de que o obxecto de estudo da arqueoloxía industrial ou, de maneira máis xenérica, do patrimonio científico e industrial é todo feito empresarial, fabril ou tecnolóxico, cos obxectos mobles (máquinas, ferramentas, produtos) e cos inmobles (edificios e infraestruturas) que estean relacionados coa ciencia, coa técnica, co proceso produtivo ou coas obras públicas, cos sistemas de transporte e comunicacións e que sexan tecnicamente obsoletos ou se atopen en proceso de obsolescencia, estamos, no caso de Fontao, diante do obxecto perfecto².

O poboado mineiro de Fontao –paradigma do “*industrial-village*” nunha contorna esmagadoramente rural, que deixa sentir o seu peso nos ritmos adoptados pola forza de traballo empregada na mina no decorrer de toda a súa historia– constitúese tamén nun acabado exemplo da actuación, durante o primeiro franquismo, do chamado paternalismo industrial. Nós propomos nas páxinas seguintes debullar algunhas das súas claves e formas de actuación, que non se diferencian substantivamente das que unha xa notable bibliografía está a mostrar para outros lugares da xeografía española.

¹ A bibliografía a este respecto é moi ampla. Tan só coma unha mostra e sen remontarnos aos traballos clásicos de Buchanan (1968, 1980), Landes (1979) ou Hudson (1965), citamos agora os traballos de investigadores como Viaene (1994), Alfrey e Putnam (1992), López García (1993) ou Newell (1985). No caso particular de España, teñen xeralmente un grande interese os traballos incluídos nas actas de xornadas e de encontros que se veñen celebrando nos últimos anos en San Sebastián (1984), en San Fernando (1993), en Sevilla-Motril (1990) ou en Santiago de Compostela (1993).

² Polo mesmo, tamén son obxecto de estudo da arqueoloxía industrial as vías de comunicación, o urbanismo industrial e todas as construcións de obras públicas (encoros, canles, pontes).

A atención prestada a este tipo de estudos é, con todo, recente. Así, non será ata os últimos quince ou vinte anos cando cobre nova forza en España o interese polos chamados, de forma ampla no mundo académico anglosaxón, “*community studies*” nos que, a súa vez, se enmarcan os estudos das colonias ou poboados industriais, chamados “*industrial-village*” en Inglaterra, “ *cité ouvrière*” en Francia, “*arbeiter kolonien*” en Alemaña ou “*company town*” nos Estados Unidos. A esa preocupación responde a serie de monografías sobre estudos de caso e obras de síntese que, en definitiva, están permitindo recuperar o atraso historiográfico acumulado verbo daqueles países pioneiros nese ámbito.

Aínda que nun principio as contribucións se deberon fundamentalmente aos antropólogos (con investigacións centradas, sobre todo, nos estudos das colonias téxtiles da montaña catalá e dos poboados mineiros asturianos), a amplitude con que renace en España o fenómeno das colonias ou “*poblados*” industriais durante o primeiro franquismo, e a súa mesma supervivencia nas etapas iniciais do “*desarrollismo*” da década dos anos sesenta, invitaba a un tratamento máis amplo, con contribucións de economistas, de sociólogos, de historiadores, de arquitectos...

O conxunto das investigacións realizadas permitiu fixar os eixes vertebradores ou as liñas definitorias do chamado “paternalismo industrial”, que sustentou o establecemento dos poboados industriais por toda a xeografía española. De feito, verbo do acontecido noutros países europeos, o caso español adquiriría a súa especificidade nun segundo momento: na ampliación temporal do fenómeno paternalista tras a Guerra Civil do ano 1936. Será neses anos cando as prácticas que definen o paternalismo industrial acaden maiores dimensións sectoriais e territoriais e tamén, precisamente, cando os seus trazos definitorios se perciban cunha maior nitidez: illamento e extraterritorialidade da comunidade obreira, construción dun microcosmos dominado polas relacións sociais centrípetas e por unha acusada permeabilidade entre traballo e vida, e deseño dun espazo físico e social pautado, marcado por unha estrita segregación interna.

Analízanse aquí as razóns que moveron a empresarios privados (as motivacións fanse máis explícitas nos casos de iniciativas públicas) a deseñar, poñer en marcha e xestionar un inicialmente custoso programa de “obra social” e a optar por modalidades de xestión da man de obra e da organización do traballo que parecerían periclitadas avanzado xa o século XX. A este respecto, Fontao, como cada novo “caso local” estudado, permite avanzar na interpretación dun fenómeno de significativa importancia no contexto socioeconómico e político do momento.

Ata o de agora, Galicia permanecera practicamente á marxe desta corrente de estudos, e non porque non haxa casos ben representativos de poboados vinculados a distintos sectores que empregaban un volume elevado de man de obra. Exemplos témolos nas explotacións mineiras, na construción e no mantemento das grandes centrais hidroeléctricas e na realización de obras de enxeñería civil de notable envergadura, como as relacionadas co ferrocarril Zamora-Santiago. Carecíamos, porén, de monografías que abordaran esta cuestión mediante un estudo de caso. E

Fontao reclamaba, polo seu interese histórico e arquitectónico, polo seu grao de conservación e de mantemento na memoria colectiva, un estudo monográfico. A antiga aldea do concello de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra, condensa, con especial sinxeleza, as notas que definen unha parte da historia industrial, urbanística e social da Galicia da época.

A través do prisma da mina e da súa contorna débúxasenos unha Galicia rural que asiste, sobresaltada nas súas estruturas internas, ao auxe sobrevido do volframio nos anos da Segunda Guerra Mundial cando, durante algo máis de sesenta anos, levaba compartindo coa minería a actividade das súas xentes a prol do seu sustento. A chamada por moitos “*fiebre del wolfram*” significará, mirada desde a vella aldea, a subversión dunha asentada orde tradicional. Un novo “Eldorado” atraerá arestora, como na antiga lenda, un mosaico heteroxeneo de personaxes, transmutados en materia literaria na pluma de novelistas foráneos e doutros naturais do país. Arquivos e memoria viva das testemuñas daquela época non desmenten o trasunto literario, enriquecéndoo con vivencias propias. Mais tamén a nova situación forzaría a incorporación doutros protagonistas, chegados a Fontao como consecuencia das novas circunstancias que se vivían na España que inaugurara o réxime franquista. Eran estes os presos políticos, moitos deles mineiros de profesión, que redimían condena co seu traballo na mina; portadores xeralmente dun importante valor engadido como o que supoñían os seus coñecementos técnicos, un ben escaso naqueles tempos, o mesmo cá súa experiencia de traballo, ambos os dous acumulados na súa anterior vida laboral en liberdade. Este destino no destacamento de Fontao era, polo demais, preferido entre os reclusos e facilitado pola empresa titular da concesión mineira, que acudiu a esta modalidade de traballo, aínda que non en exclusiva, entre os anos 1940 e 1943.

O fin da segunda conflagración mundial significará no caso de Fontao unha breve inflexión, minorada tamén pola demanda maior de estaño nos mercados internacionais. Mais, de contado, repetirase favorable a conxuntura coa guerra de Corea nos primeiros anos cincuenta do pasado século XX. As boas perspectivas da demanda internacional do volframio que afectan agora tamén ao estaño (do que a mina de Fontao fora tradicional produtora, cunha tradición empresarial que arrincaba do último cuarto do século XIX), sumadas aos incentivos representados pola política oficial de vivenda (sen tampouco esquecer a forte implicación da familia propietaria da concesión da mina en actividades de promoción e construción de vivendas e poboados), e a mesma política de saneamento e optimización inaugurada pola empresa concesionaria –Fomento Hispania– desde mediados dos anos cincuenta, son elementos que explican a construción do poboado mineiro. Perseguirose en última instancia a vella arela de fixar unha clase traballadora, susceptible de especialización na minería, que agora máis ca nunca tiña preto outras alternativas de traballo que lle presentaban os países máis desenvolvidos da Europa occidental. Na captación de traballadores competían, tamén en España, outras concas mineiras e centros en proceso de desenvolvemento industrial.

Todas as expectativas postas no poboado se irán ao tacho co peche da mina no mes de maio do ano 1963. Unha vez máis poñeráse de manifesto a forte dependencia da actividade extractiva de Fontao da conxuntura internacional. Na súa case centenaria historia, períodos de crecemento, ás veces vacilantes, eran seguidos doutros de devalo, sen que a industria do país (por diversos avatares, tampouco cumpriu esta función a industria conserveira galega) e do resto de España fora quen de temperar estas oscilacións, xerando unha demanda dos bens producidos en Fontao para a súa transformación no interior das propias fronteiras e provocando a incidencia dunha crise orixinada nos mercados internacionais dos minerais metálicos.

Fontao quedará, por último, sumido no case total abandono da minería. Depositario, porén, dunha historia e duns vestixios materiais –na mina e no poboado– que reclaman unha atención singularizada. Nesta dirección, tentamos cubrir un pequeno baleiro, aquel que incumbe á historia do volframio e á realidade dun conxunto urbanístico moderno que proxecta o seu interese mais alá dos campos da arquitectura ou o das relacións laborais, da economía, da antropoloxía ou do patrimonio industrial.

2. A CREACIÓN DUN NOVO ESPAZO URBANO-INDUSTRIAL EN FONTAO

As razóns que levaron á sociedade *Fomento Hispania S.A.* a promover a construción dun poboado mineiro á altura do ano 1954 expóñense en diversos documentos, e pódese dicir que de forma especial nun deles: na súa *Memoria descriptiva del Proyecto de poblado minero para Fomento Hispania, S.A. en Fontao (Silleda). Estudio económico*. É este un documento básico que, en boa medida, nos servirá tamén de fío condutor dalgunhas das páxinas que seguen.

Outras fontes documentais, orais ou escritas, permiten axustar as pezas dun cadro que constitúe un capítulo importante da historia industrial e empresarial de Galicia. Un capítulo que, como sinalabamos páxinas atrás, é indisociable da explotación mineira, aínda que, claro está, a actividade naquela arrancara con moita anterioridade á construción do poboado. Precede a mina en bastantes anos, xa non á elaboración do proxecto urbanístico, senón á época da grande expansión na explotación do mineral de volframio, que ten lugar nos primeiros anos da década dos anos corenta do século XX e de novo, por un curto período, nos inicios dos anos cincuenta (Rodríguez Galdo e Losada, 2002, 2004, 2005).

Se quixéramos sinalar unha data xerminal para a explotación mineira de Fontao habería que pensar nos anos setenta do século XIX, cando van transcorridos case noventa anos desde que os españois Juan José e Fausto Elhuyar illaran por primeira vez, a partir do ácido túngstico, o tungsteno (do sueco *tung sten*, pedra pesada), tamén chamado volframio. E iso se nos circunscrimos aos avatares históricos do novo metal. Se a ampliáramos ao estaño entroncaríamos, de forma aínda máis ne-

bulosa no noso caso, coas lendas que sitúan en Galicia as Casitérides, míticas illas do estaño á vez que porta de entrada ao país que agocha os máis ricos depósitos.

O desenvolvemento máis recente da historia empresarial en España, así como o auxe que vai adquirindo a arqueoloxía industrial ou, de maneira máis ampla, a preocupación pola conservación do patrimonio industrial, tivo a virtualidade de suscitar a investigación en temas como a historia das relacións laborais ou da organización do traballo, que mostraban importantes flancos ao descuberto³. Non menos decisivo á hora de cubrir este baleiro historiográfico foi o papel desempeñado pola explosión, nos últimos anos, dos estudos sobre o franquismo (cada día menos adiadados en Galicia). Grazas a esta confluencia, hoxe coñécese ben o ciclo do chamado paternalismo industrial que, lonxe de esgotarse no século XIX e nos primeiros anos do século XX, agroma en España cun inusitado vigor tras o triunfo do chamado bando nacional no ano 1939.

Para un amplo conxunto de investigadores, o ciclo “paternalista” iníciase en España nos derradeiros anos do século XIX e nos primeiros anos do século XX, un período durante o cal detallados estudos do caso testemuñan a súa ampla manifestación nas concas mineiras de Sevilla (Sierra Álvarez, 1987, pp. 667-674; Tomás García, 1991), de León (Sierra Álvarez, 1986, pp. 6-16; Sen Rodríguez, 1993, pp. 315-338), de Palencia (Sierra Álvarez, 1990, pp. 3-21) e de Biscaia (Pérez Castroviejo, 1997, pp. 107-126; Rufaza Ortega, 1998), mais tamén en industrias eléctricas (Aubanell, 1998, pp. 141-160) ou en cervexeiros madrileñas (García Ruiz, 1999) e nas téxtiles catalás (Terradas Sabonit, 1979; Dorel Ferré, 1992, 1996). Como sinalabamos, o caso español adquiriría a súa especificidade nun segundo momento: na ampliación temporal do fenómeno paternalista tras a Guerra Civil do ano 1936, como puxeron de manifesto recentes traballos monográficos⁴ e logradas obras de síntese (Sierra Álvarez, 1990; García, 1996; Babiano Mora, 1998). Será nesos anos do primeiro franquismo cando as prácticas que definen o paternalismo industrial acaden maiores dimensións sectoriais e territoriais e tamén, mesmamente, cando os seus trazos definitorios, como estudou Sierra Álvarez, se perciban cunha maior nitidez: illamento e extraterritorialidade da comunidade obreira, intento de construción dun microcosmos dominado polas relacións sociais centrípetas e por unha acusada permeabilidade entre traballo e vida, e deseño dun espazo físico e social pautado, marcado, nos casos máis acabados (e veremos en que medida Fontao se adapta totalmente a este prototipo), por unha estrita segregación interna.

Subsiste aínda unha serie de interrogantes sobre as razóns últimas que moveron a empresarios privados (as motivacións fanse máis explícitas nos casos de iniciativas públicas) a deseñar, a poñer en marcha e a xestionar custosos programas de obras sociais e a optar por modalidades de xestión da man de obra e da organi-

³ Un título expresivo a este respecto é o do traballo de Martínez Ruiz (1998).

⁴ Como os realizados por Alonso del Val e Andrés Álvarez (1997, pp. 503-519), Pedreño Cánovas (1999), Peña Rambla (1998a, pp. 109-131; 1998b) e por Bogaerts Menéndez (2000).

zación do traballo que parecerían periclitadas avanzado xa o século XX. A este respecto, cada novo caso local estudado está permitindo avanzar na interpretación dun fenómeno de significativa importancia no contexto socioeconómico e político do momento. E é desde esta perspectiva que o caso da construción do proxectado poboado mineiro de Fontao reviste tamén un especial interese.

Non esquezamos que, precisamente, a vivenda é o aspecto clave en todo proxecto paternalista. Constitúe o elemento de maior forza á hora de arraigar o traballador. Diso eran ben conscientes os directivos da sociedade Fomento Hispania S.A. Poderíamos dicir que dalgún xeito na vivenda atopa a súa mellor plasmación o paradigma do paternalismo clásico, que busca exercer un control máis efectivo da man de obra mediante un conxunto de tres accións: atraer, fixar e disciplinar o traballador. Nesta liña, a construción de poboados industriais revelouose como unha fórmula realmente idónea, que mantiña toda a súa virtualidade. En absoluto obsoleta, polo tanto, cando se proxectou o poboado mineiro naqueles tempos que continuaban sendo “de apandar”, como se titulan os da posguerra na novela, con escenarios en Fontao, de Ramón de Valenzuela. Outra cousa é que a experiencia do poboado mineiro non se estenda máis alá do ano 1963. A finalización do ciclo expansivo do volframio levou ao cesamento da explotación e puxo o cadeado na práctica totalidade das vivendas, mesmo sen que algunhas chegaran nin tan sequera a habitarse.

Polo que respecta á construción do poboado, esta adquiriu unha dimensión urbanística e arquitectónica notable, que se proxectou máis alá do previsto no documento inicial do ano 1954 e que, segundo avanzaba a súa realización, cobraría novas formas.

3. SINGULARIDADE ARQUITECTÓNICA E URBANÍSTICA DO PROXECTO DO POBOADO DE FONTAO

En opinión de destacados especialistas, coa realización do poboado mineiro de Fontao, levada a cabo entre os anos 1955 e 1958 (aínda que o proxecto inicial se asinase no ano 1954 e, pola contra, a súa inauguración oficial non tivera lugar ata o 31 de xullo de 1960)⁵, Galicia incorpórase, tras a Guerra Civil dos anos 1936-1939, aos movementos de vangarda internacionais cunha valiosa proposta (Martínez, 1998, pp. 119-129; García Braña, 1997, pp. 29-34; 1998; 2000, pp. 66-76). O espazo urbano-industrial de Fontao constituiríase así nun fito na historia da arquitectura contemporánea en Galicia ou, se se quere, o poboado mineiro enclavado na comarca do Deza, no corazón da Galicia rural, representa unha sorte de quimera moderna galega ao estilo do que significou para Madrid, en expresión de Luis Fernández

⁵ Unha ampla noticia do acto de inauguración recollea o xornal madrileño *ABC* no seu número do luns 1 de agosto de 1960.

Galiano⁶, a experiencia dos “*poblados dirigidos*” levantados por eses mesmos anos en distintos barrios da capital de España. Polas características do lugar no que se empraza –“nun territorio da Galicia profunda”–, as modernas tendencias da arquitectura tan só puideron chegar da man “*de una clara voluntad ilustrada*” (García Braña, 1997, p. 29).

Esta aseveración contrasta, porén, co silandeiro discurrir dun proxecto, feito realidade, que se mantivo durante máis de sete lustros afastado da atención pública, agochado nun, de feito, práctico anonimato tras o cesamento da explotación mineira (a actividade limitárase a algunhas tarefas de mantemento e de explotación de canteiras a ceo aberto durante algúns anos máis) a principios dos anos sesenta. Ben é verdade que o seu afastamento de centros urbanos importantes e a dificultade das comunicacións da época, unido á discreción e modestia mantida polos seus creadores ao longo de todos os anos transcorridos, non contribuíran tampouco a difundir a singularidade da experiencia. E a iso colaborou, sen dúbida, a práctica paralización, como sinalabamos, da actividade das minas desde o mes de maio do ano 1963 e a radical e conseguinte perda de funcionalidade do poboado.

Como enseguida imos ver, o interese de coñecermos o poboado de Fontao non é tan só urbanístico ou simplemente económico. Deriva fundamentalmente de constituírse nun exemplo acabado de estudo de arqueoloxía industrial, disciplina que comprende, na acepción de Louis Bergeron (Dorel Ferré, 1995, pp. 169-195), “*o campo, a superficie, o volume, as paredes, a organización interna, o conxunto de equipamentos asociados ao funcionamento dun emprazamento industrial*”; en definitiva, “*é a consideración da industria como lugar de produción e como lugar de traballo en tres dimensións e mesmo, máis amplamente, dentro dunha paisaxe que a industria respecta, ou que modifica profundamente ou que, mesmo, crea completamente*” (Dorel Ferré, 1995, p. 174).

A *Memoria*, á que se anexa un prego de condicións técnicas (na que se sinala que “*se ajustarán al pliego de condiciones de la edificación, aprobado por el Consejo Superior de Arquitectos y adoptado por la Dirección General de Arquitectura en 1948*”) que presenta a empresa ante o Instituto Nacional da Vivenda en Madrid o 10 de xullo de 1954 para a “*construcción de 120 viviendas para obreros, 4 viviendas para capataces, 2 para técnicos, 4 para la Guardia Civil, Grupo Escolar con escuela para niños y niñas, iglesia, centro de reunión y 4 locales de comercio*”, fora redactada primeiro como proxecto de fin de carreira na Escola Superior de Arquitectura de Madrid por un arquitecto novo moi vencellado a Fontao familiar e empresarialmente: César Cort García-Tortosa, fillo, á súa vez, doutro destacado arquitecto e urbanista, César Cort Botí. Este, pola súa parte, catedrático na Escola Superior de Arquitectura de Madrid e presidente que fora da Federación Internacional de Urbanismo (como urbanista, precisamente, xa nos anos trinta colaborara

⁶ “*La experiencia de los poblados dirigidos de Madrid, tan breve como intensa, representa un momento estelar de la arquitectura española de los cincuenta... La químera moderna naufragó bajo el peso de aquellos tiempos de plomo*” (Fernández Galiano, 1989, p. 7).

na redacción do plan urbano de Vigo, como máis tarde, á altura do ano 1948, redactará tamén o da Coruña, por limitarnos tan só a algunhas actuacións súas en Galicia neste terreo), era o propietario principal e o persoeiro da sociedade que levaba a explotación de Fontao, unha vez que se desvinculara da empresa o seu irmán Fernando Cort Botí, enxeñeiro de minas.

A asunción de tarefas executivas na empresa familiar por parte do redactor do proxecto levou a encomendar parte do seu desenvolvemento, así como a dirección e a realización da obra, a outro arquitecto tamén novo e da Escola de Madrid: Joaquín Basilio Bas. En realidade, as novas construcións en Fontao non se entenderían desvinculadas do proceso de reorganización empresarial que estaba experimentando o grupo Cort da man da súa segunda xeración. Lembremos, moi por riba e para unha mellor comprensión de certos aspectos que teñen que ver coa realización do poboado, algúns trazos que marcaron no seu inicio a historia empresarial da familia Cort.

Con orixe na provincia de Alacante, en terras de Alcoi, e radicada en Madrid, a actividade empresarial dos Cort adquirira un forte desenvolvemento na España da posguerra ao se asentaren en sectores en auge, como a construción –non esquezamos que tras a Guerra Civil terá lugar, en expresión de Jiménez Araya (1974, pp. 137-185), unha “auténtica fiebre de creación de inmobiliarias”– ou a minería. Coñecemos a dimensión que acadou a minería metálica e, de maneira destacada, o volframio (Rodríguez Galdo e Losada, 2002, 2004, 2005). E, polo que respecta á construción, cómpre agora ter en conta que tras a Guerra Civil se pasa de 117 sociedades inmobiliarias no ano 1940 a 458 no ano 1950. A promoción inmobiliaria verase altamente favorecida pola Lei de reforma fiscal de 16 de decembro de 1940, renovada despois pola Lei de 31 de decembro de 1946 (Jiménez Araya, 1974; Buesa, 1984, pp. 107-121).

Por outra banda, no caso do grupo familiar Cort as actividades no ramo da minería estendíanse alén de Galicia e incluían tamén as prospeccións industriais e de captación de augas subterráneas. Conxugar, no seu caso, a visión empresarial, a fortuna persoal e a proximidade ao réxime político traducíuse en éxitos económicos que os levou a ampliar o seu radio de actuación (en espazo e actividades), estendéndose a novos e distintos lugares da xeografía española e a países africanos. Iso esixía dos seus membros unha total dedicación a tarefas executivas. En boa medida, estas recaeron en César Cort García-Tortosa, a quen se apunta coma o verdadeiro artífice do proceso de reorganización da empresa emprendido entre os anos 1954 e 1955, e que estudamos noutro lugar.

Fundamentalmente polos motivos apuntados, César Cort –o fillo– trasladará o proxecto de construción do poboado de Fontao, no que el mesmo xa se encargara de realizar o novo lavadoiro da mina, ao seu colaborador Joaquín Basilio Bas, inqueda arquitecto de orixe murciana quen, malia os seus poucos anos, xa contaba cunha notable experiencia que cubría todas as fases da actividade construtiva e que desenvolvera na súa maior parte, precisamente, en empresas da familia propietaria da explotación de Fontao.

Un asentamento de nova creación, coma o proxectado de Fontao, non representaba en si mesmo unha novidade en España na década dos anos cincuenta. O mesmo Joaquín Basilio, xunto co enxeñeiro Antonio Martínez Catanio, acababa de realizar para o INI a Central de Interconexión de Cables de Mudarra, en Valladolid, que dispoñía dun poboado anexo. Eran anos, lembremos, nos que se vivía unha gran febre construtora que Vázquez de Castro (1987) interpretou de intrínseca ás ditaduras, na medida en que é o “*producto consciente o inconsciente de una demostración de eficacia que pretende compensar otras deficiencias congénitas*”. A febre construtora crecía ao abeiro da política oficial de vivenda que, cos axustes necesarios, viña aplicando o réxime do xeneral Franco mesmo desde antes do seu triunfo definitivo no mes de abril do ano 1939. A instrumentación desta política de vivenda encomendarase a diversos organismos dependentes, á súa vez, de distintos ministerios, ata a creación no ano 1957 do Ministerio da Vivenda (aínda que desde o ano 1939 xa se contaba co Instituto Nacional da Vivenda que dependía do Ministerio de Organización e Acción Sindical, despois de Trabajo)⁷.

A peculiaridade no caso do poboado de Fontao radica en que se trataba dunha promoción privada (aspecto de especial relevancia) e, moi particularmente, na concepción global do novo espazo, que rompía cos moldes construtivos imperantes ata o momento.

O clima no que se desenvolvía a arquitectura española da inmediata posguerra estaba fortemente ideoloxizado, en sintonía cos ideais que dicía representar o novo réxime e que foran tomando corpo de maneira especial a través das directrices emanadas da Dirección Xeral de Rexións Devastadas, dependente do Ministerio da Gobernación. Esta dirección xeral, cunha orixe que se remonta ao mes de xaneiro do ano 1938 co nome, daquela, de Servizo Nacional de Rexións Devastadas e Reparacións e que como dirección xeral perdura ata o ano 1957, disporía do seu propio órgano de prensa –a revista *Reconstrucción*–, de activa militancia contra todo vestixio racionalista que se interpretaba como o símbolo da arquitectura chamada moderna, aquela que, de maneira lenta pero persistente, estaba empezando a se estender pola España do ano 1936. Fronte ao racionalismo arquitectónico, que se identificaba coa República, quería imponer unha linguaxe “*que podría enlazarse con el momento de las resurrecciones historicistas y las tendencias regionalistas, dominantes decenios atrás, enriquecido ahora por nuevas inquietudes de aroma neoimperial, otra de las componentes inspiradoras del pensamiento político de la época*”, como escribiu Flores (1987).

A presión ideolóxica non resultou sempre eficaz nin se exercitou, con todo, de maneira uniforme. Tampouco revestiu caracteres tan definidos noutros organismos igualmente importantes, como é o caso do Instituto Nacional de Colonización, fundado no ano 1943, que se mantivo a un nivel “*más aséptico y autónomo con res-*

⁷ Sobre estes aspectos véxanse Flores (1961) e Solá-Morales (1976).

pecto a la polémica de los estilos, debido a sus actuaciones ex novo y a su dependencia de organismos más técnicos como eran el Ministerio de Agricultura y el de Obras Públicas” (Doménech, 1987). Aínda que se deixou sentir tamén, foi menor o empeño por impoñer os moldes construtivos da *nova orde* por parte de organismos coma o Instituto Nacional da Vivenda ou a Obra Sindical do Fogar.

En parte por iso, e aínda tendo en conta a cerrazón que se vivía en España fronte ao que representaban as novas correntes internacionais, podía distinguirse, e así tende a interpretarse hoxe, “*bajo ciertas figuraciones impuestas por el momento, la línea de tradición racionalista que ocultan las realizaciones de Regiones Devastadas y del Instituto Nacional de Colonización... experiencias que, en su momento, quedarán convenientemente decantadas y enlazarán, vía de la Sota, Fernández del Amo, Coderch, Sostres, con la tradición moderna proseguida en los cincuenta*” (Doménech, 1987). E mellor que no caso da obra desenvolvida por Rexións Devastadas⁸ se poida percibir esa “tradición racionalista” nas realizacións do Instituto Nacional de Colonización, “*que partirán ya en buena medida de posiciones caracterizadas por una base conceptual más sólida y una mayor inquietud por su integración en corrientes vivas de la cultura contemporánea. El enfoque ante la creación de nuevos tipos de arquitectura rural por un Alejandro de la Sota o un Fernández del Amo*” –insístese de novo– “*vendrá determinado por unas connotaciones de renovación y puesta al día –en el mejor sentido de ambas expresiones–, en las que se aprecia una interferencia o filtración de lo moderno, o de lo europeo*” (Flores, 1987).

Non é de estrañar, por outra parte, tendo en conta o investimento cara a unha maior ruralización da vida económica nos primeiros anos da autarquía, que a presión ideolóxica no que respecta ás linguaxes arquitectónicas se deixara sentir máis nos novos poboados agrarios (xa foran obra de Rexións Devastadas ou xa o foran do Instituto Nacional de Colonización) ou en realizacións industriais, mentres que na cidade, salvando o caso dos edificios oficiais, a iniciativa individual se irá decantando, aínda vagamente nos anos corenta e máis decidida nos anos cincuenta, cara a fórmulas “*máis modernas*”. De aí, polo tanto, a interpretación de que o medio urbano “*rehuye la rebuscada arquitectura historicista y utópica que intentó imponer el dictado oficial y acude a ciertos profesionales en busca de un modelo de viviendas que proporcione confort, despreocupación y funcionalidad*” (Doménech, 1987, p. 72)⁹.

⁸ Rexións Devastadas non desenvolveu ningunha actuación en Galicia. Lembremos que este organismo tiña encomendada a reconstrución dos pobos destruídos durante a Guerra Civil.

⁹ Por estas vías, e “*tras los maquillajes más directamente impuestos por los inspiradores del régimen*” –en palabras, de novo, de Doménech–, puideron agromar e desenvolver a súa obra, xa na mesma década dos anos corenta, personalidades de traxectorias tan variadas coma as dos arquitectos Secundino Zuazo, Luís Gutiérrez Soto, Francisco Cabrero, Eusebio Bona, F. de P. Nebot, Francisco Mitjans ou Miguel Fisac, entre outros, que se suman aos anteriormente citados Alejandro de la Sota, José A. Coderch ou José L. Fernández del Amo; individualidades que actuarán de ponte, ás veces cun aquel non totalmente consciente, con respecto á apertura vangardista dos anos cincuenta, como dalgún xeito se reflicte no *Boletín de Información de la Dirección General de Arquitectura*, desde o que, de maneira xa consciente e cabal, se opta pola incorporación das novas correntes internacionais.

Os aires de cambio tardaron máis en introducirse nos estudos regulados que se impartían nas Escolas de Arquitectura de Madrid ou de Barcelona, comprometidas nunha formación “*ajena como tantas áreas culturales a los cambios y las corrientes internacionales*” (Fernández Galiano, 1989). Mediados os anos cincuenta, e primeiro desde o exterior do recinto académico, algunhas ideas de cambio logran inserirse nas aulas¹⁰.

No medio destas circunstancias, e nun marco que contrapón explotación agraria tradicional con estratéxica explotación mineira, verá a luz o proxecto para a realización dun pequeno poboado industrial; un núcleo que polo menos ía contar con 130 vivendas. Na contorna na que se leva a cabo, a súa dimensión, en contraste, é moi considerable. Tan só podería reducirse a apreciación da súa envergadura en comparación cos realizados, por exemplo, por empresas do INI en Avilés ou en Puertollano.

Trátase dun proxecto de poboado mineiro con referente nas *siedlungen* alemás (García Braña) e que presentaba como novidade construtiva máis sobresaliente a adopción dunha linguaxe arquitectónica e urbanística que, en palabras de Xosé L. Martínez, “*entra de cheo nos presupostos artísticos das vangardas que ilusionaran á recién decapitada república española*”. Unha realización que, ao optar por unha nova linguaxe arquitectónica, se sitúa entre as obras que no territorio de Galicia apostaron pola vangarda do momento. Lonxe queda, xa que logo, tanto da imaxe tradicional, ruralista ou mariñeira, como da de corte vagamente “rexional” que reproducen outros poboados coetáneos en Galicia, debido á iniciativa pública ou mesmo privada. Como lonxe queda tamén do eclecticismo burgués dominante en boa parte das novas construcións galegas realizadas tras a Guerra Civil, obras asinadas por arquitectos que “*buscaron su legitimación en un pseudo barroco local cuya cualidad formal era la pesadez retórica, y el abuso de la masa su evidencia*” (Baldellou, 1995, p. 201). Pensemos que, daquela, tan só se construíran dúas obras con referencia moderna: a que realizara Alejandro de la Sota ao construír a Misión Biolóxica de Galicia en Pontevedra no ano 1950, ou M. Fisac co Centro Superior de Investigacións Científicas de Santiago de Compostela no ano 1952 (García Braña, 2000, p. 71).

Fontao –o seu poboado– é a obra de dous profesionais novos moi motivados, como eles mesmos non dubidaron en recoñecernos, que contan xa cunha notable

¹⁰ Expresábo así J.L. del Amo no ano 1967: “*Frente al nacionalismo a ultranza con una pretendida arquitectura que toma lo accesorio y anecdótico para su caracterización, despreciando o desconociendo lo permanente y auténtico de nuestra gran arquitectura popular con sus inexorables razones de clima, de modo y sentido de vivir y de idiosincrasia perfectamente localizados. Con esta pretensión primera y radical de espacio, de ámbito –como el huevo donde se engendra la vida– de sinceridad y plástica de los materiales propios y de los sistemas constructivos que corresponden al tiempo y al lugar, se inicia en España un nuevo movimiento de arquitectura. Es la generación de la guerra, los más jóvenes, que han llegado a la madurez pasando por un penoso aprendizaje de clasicismos y tradicionalismos, bien aprendidos en la escuela y en la experiencia. Es un proceso de escarmiento y de liberación. Quieren sencillamente que se viva mejor, desde la vivienda a los edificios públicos, desde los talleres a las fábricas y a las ciudades. Sus consecuencias llegan ya hasta la urbanización. Las promociones sucesivas ya les siguen*”.

experiencia lograda a pé de obra, o que lles reporta unha enorme confianza persoal, aspecto de especial importancia á hora de defender as súas propostas. Son arquitectos que, máis que por formación académica recibida, entroncan por intuición co movemento moderno (no caso de Basilio Bas, de manifesta influencia nórdica, e finlandesa máis en particular), e nos que a pegada da creatividade persoal é notoria.

No ambiente profesional do momento a repercusión desta obra apenas se deixou sentir¹¹. Si mereceu a cálida felicitación de Alejandro de la Sota e de José Antonio Corrales, con quen Basilio Bas establecería unha fecunda relación profesional, realizando obras conxuntas en Pontevedra e en Vigo e nas que César Cort sería o promotor.

Na prensa, o *ABC* de Madrid publica unha ampla reportaxe con motivo da inauguración oficial do poboado e inclúe unha gran fotografía do seu edificio máis representativo –a igrexa– e de parte do campo de deportes. Nos medios de comunicación de Galicia máis ben escasearon as referencias acerca da singularidade urbanística do poboado; si foron algo máis pródigas as noticias nos asuntos que concernían máis directamente á explotación mineira ou á hora de dar conta de visitas de persoeiros ás instalacións.

4. PLANIFICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DO POBOADO MINEIRO

A creación dun espazo urbano de nova planta ao pé da explotación mineira de Fontao era, á altura do mes de xullo do ano 1954, unha vella pretensión da empresa Minas de Estaño de Silleda-Fomento Hispania S.A. Consta nun escrito dirixido á Dirección Xeral de Prisións no ano 1942, e que esta inclúe na súa publicación *La obra de la redención de penas*, que a edificación pola empresa mineira dunha nova igrexa en Fontao, “*cuya construcción va a ser iniciada inmediatamente, será la base de la formación de un nuevo poblado minero, con casas alegres y confortables para los obreros y empleados, contribuyendo de este modo a la reconstrucción de la Nueva España, en obediencia a las órdenes dictadas por nuestro invicto Caudillo*” (Patronato Central para la Redención de Penas por el Trabajo, 1942, p. 117).

Unha intención construtiva que ratificará de novo a empresa no texto que incorpora na *Memoria descriptiva. Proyecto de poblado minero de Fontao. Silleda*, que presenta ao Instituto Nacional da Vivenda. Na *Memoria* sinálase que: “*Desde hace tiempo, se siente la necesidad de la edificación de viviendas para el adecuado alo-*

¹¹ Fontao pasa mesmo desapercibido para unha mirada tan sensible e atenta á evolución da arte en Galicia como é a de Luis Seoane, quen manifestara, desde o seu exilio arxentino e a través do seu programa de radio *Galicia Emigrante*, a súa preocupación pola arquitectura que se facía na súa terra galega. Claro que Seoane se fixa (referímonos en concreto á crónica emitida o 5 de abril de 1964) na obra de arquitectos nados en Galicia. De aí a referencia a Alejandro de la Sota e a Ramón Vázquez Molezún, con quen, ademais, coincidira na Exposición Internacional de Bruxelas no ano 1958, na que J.A. Corrales e R. Vázquez Molezún reciben o premio de arquitectura polo pavillón español.

jamiento de dichos obreros y sus familias, y centros cívicos complementarios, pues la disponibilidad de viviendas en la zona donde se hallan enclavadas las minas es muy reducida y las viviendas y servicios existentes en la actualidad, no reúnen las condiciones adecuadas”.

Insistíase, cunha linguaxe característica de todo proxecto industrial paternalista, en que estas eran “*todas las razones*” polas que “*la referida Sociedad se decidió a proyectar y construir las viviendas necesarias para sus empleados, así como los servicios comunes indispensables para ellos y sus familias*”. Unha preocupación que de forma reiterada percorre a historia de Fontao. A este respecto é de interese destacar que desde Fontao –o 13 de novembro de 1943– os directivos da mina escribiran ao seu conselleiro delegado en Madrid –César Cort Botí–: “*Repetidamente en conversaciones verbales sostenidas con Vd. hemos defendido el criterio de la construcción con toda rapidez de viviendas obreras, que permitiendo el alojamiento de obreros extraños a la localidad sean garantía del sostenimiento y porvenir de estas explotaciones mineras*”.

Argüíase que era necesario “*contar con el factor humano*” para acadar os niveis de produción que se fixaban como meta: “*500 toneladas de mineral al año; 300 de wolfram y 200 de casiterita*”; unha produción que non se conseguiría “*con menos de un promedio de 500 obreros diarios*”. Para estes efectos preferíanse os traballadores forasteiros: “*La población indígena, aparte de que es posible que no facilite ese cupo de obreros, tiene vicios ya de antiguo, sobre todo el de falta de asiduidad en el trabajo, que le imposibilitan para una organización seria a base de dicho obrero, aparte su bajo rendimiento. Es pues indispensable, si queremos mantener nuestra producción con beneficio, llegar a poder alojar unos 250 obreros forasteros*”.

Á altura do ano 1943 o problema xa era grave, aínda que a empresa recoñece que “*en el momento actual podemos trabajar gracias a presos que redimen pena por el trabajo, pero una mínima previsión aconseja preparar las cosas para hacer frente al momento en que esta fuente de aprovisionamiento de obreros, cese*”. A empresa di dispor de vivendas de obreiros e prevé para igual fin “*la transformación de todos los alojamientos de los presos*”. Aínda así se precisan cincuenta vivendas máis “*que nos permitirían ver el porvenir con tranquilidad*”. Nun primeiro momento pénsase na construción de vivendas de madeira como as xa existentes, pero o mesmo documento refuga esta solución porque “*la vivienda de madera es de difícil conservación, y se invade inmediatamente de parásitos, como nos sucede con las actuales*”. Óptase por outra alternativa: “*Hacer la construcción en ladrillo, o piedra, con lo cual se elevaría el precio por vivienda, de 35 metros cuadrados (7x5) a unas 15.000,-Ptas.; proyecto que debía realizarse en un plazo de 6 meses, con mensualidades de 125.000,-Ptas.*”.

Arbitráronse algunhas solucións, pero o proxecto definitivo demorouse ata o ano 1954, cando se redacta o proxecto que daría lugar ao nacemento do moderno poboado. Varios eran os retos que acometía a empresa no momento de presentar o

seu proxecto no mes de xullo do ano 1954: superar a provisionalidade que supoñía a simple subsistencia dos vellos barracóns; facerlles fronte ás deficiencias de aloxamento de obreiros e técnicos, e ata da garda civil; e poñerlle freo ao crecemento desordenado de todo tipo de servizos producido ao abeiro da febre do volframio dos anos anteriores. Estes retos, efectivamente, acometeríaos entre os anos 1955 e 1958. Os seus pronunciamentos a este respecto son explícitos e inequívocos: “*Por todas estas razones, la referida Sociedad se decidió a proyectar y construir las viviendas necesarias para sus empleados, así como los servicios comunes indispensables para ellos y sus familias*”.

Queríase deixar atrás unha realidade que xa fora obxecto de ficción literaria por parte de Carlos Caba, de Ramón de Valenzuela ou de José Fariña Jamardo, e que mesmo un xornal do Movemento Nacional, como o era daquela *El Pueblo Gallego* de Vigo, non dubidara en cualificar de típico do *far west*. O saneamento organizativo emprendido pola empresa, ardua tarefa que levará a cabo cunha grande eficacia desde a súa incorporación no ano 1955 a Fomento Hispania S.A. en Fontao, sendo aínda mozo, o executivo Manuel Rózpide, consideraba coma un dos seus piares a construción dun novo asentamento para obreiros e capataces. Coa perspectiva de corenta longos anos transcorridos, así o vía no ano 2003 este protagonista excepcional: “*Y se saneó la empresa. Todo ese orden perseguido venía acompañado de la mejora de las instalaciones, con importantes inversiones... Y paralelamente, se hizo el poblado. Porque aquello había sido también un campo de concentración... Y a base de mucho trabajo conseguimos poner aquello en orden... Entre otras cosas íbamos a tener que traer gente de fuera preparada para vivir en un sitio como Fontao, que reunía unas condiciones muy malas, con edificios mixtos de ladrillo y de madera, otros de madera exclusivamente... Y la Empresa quería montar unas instalaciones decentes para que la gente fuera a vivir con ciertas comodidades, dentro de lo que es estar allí, aislados en el monte. Hay que tener en cuenta que las comunicaciones entonces no eran las de hoy en día. Y se hizo el poblado*”.

E para levar a cabo o seu propósito, Fomento Hispania S.A. podía contar con dous instrumentos xurídicos fundamentais, ambos os dous ditados no ano 1939: a Lei de protección de vivenda, de 19 de abril¹², e a Lei de 7 de outubro sobre procedemento nas leis de expropiación forzosa. A primeira, vixente no momento de presentar oficialmente a *Memoria*, sería derogada o 15 de xullo de 1954 coa promulgación da Lei de vivendas de renda limitada.

O poboado de nova creación de Fontao presentábase así coma o feliz contrapunto a ese mundo desgarrado que se fora formando “*al olorcillo de la vida fácil*”, en expresión literaria de Carlos Caba. Non sorprende a utilización do termo “*poblado*” nese momento por parte de Fomento Hispania S.A. Na terminoloxía de políticos,

¹² Esta lei creaba tamén o *Instituto Nacional da Vivenda* como organización autónoma do Ministerio de Organización e Acción Sindical (posteriormente Ministerio de Trabajo). Por un decreto posterior de 9 de abril de 1944 estendérase a protección aos novos poboados.

de arquitectos e de urbanistas era de uso corrente, acomodábase ben a un país afeito a cidades relativamente estables que apenas e nalgúns casos contados estaban a experimentar o desenvolvemento industrial, e que todo o máis viviran plans de extensión ou de ensanche. Construíríanse así poboados nas décadas dos anos corenta, nos anos cincuenta e ata nos anos sesenta por toda a xeografía española.

Comprendía o proxecto de poboado mineiro das ribeiras do Deza a “*construcción de 120 viviendas para obreros, 4 viviendas para capataces, 2 para técnicos, 4 para la Guardia Civil, grupo escolar con escuela para niños y niñas, iglesia, centro de reunión y 4 locales de comercio*”. A inclusión de “*tiendas anejas al centro de reunión*” tiña unha clara razón de ser “*debido a que la aglomeración de personas en la reducida zona en que se realizan los trabajos, ha dado lugar a una elevación considerable de los precios, con respecto a zonas inmediatas con diferencias que a veces llegan hasta el 50% del valor del artículo*”.

A elección do lugar para o asentamento do poboado viña, en palabras da propia empresa, “*obligada por la topografía del terreno, que en aquella zona es sumamente montañosa, con laderas orientadas hacia el oeste tal y como puede observarse en los planos correspondientes, no habiendo en todos los alrededores inmediatos a la zona de trabajo otra zona con topografía, orientación y proximidad a la zona de trabajo (menos de 500 m.) tan favorable como la escogida*”.

Procedía para iso realizar unha expropiación forzosa de terreos de titularidade privada. E a sociedade, acolléndose á normativa vixente que lle podería ser de aplicación, urxiu a súa execución. A documentación presentada é exhaustiva no que se refire a “*cuantos datos, documentos y antecedentes pueden servir para el justiprecio de los bienes expropiados*”, segundo o disposto na vixente Lei de expropiación forzosa á que se acolleu Fomento Hispania S.A.

A promoción do poboado, como sinalabamos, acollíase á Lei de protección da vivenda, de 19 de abril de 1939, que, poucos días antes da presentación do proxecto para a súa aprobación ante o Instituto Nacional da Vivenda, será substituída pola Lei de vivendas de renda limitada, promulgada o 15 de xullo de 1954. A nova norma, máis completa e versátil cá anterior que derogaba, incluía no seu articulado a posibilidade de “*suministro preferente de materiales*”, un aspecto de extraordinaria importancia dada a carencia de materiais de construción e a intervención que o Estado exercía na súa produción, importación e comercio.

A Lei de 7 de outubro de 1939 sobre procedemento nas leis de expropiación forzosa será o principal instrumento xurídico que dea cobertura ás esixencias de Fomento Hispania S.A. neste sentido, que tamén incluía outras “*disposiciones sobre expropiación forzosa*” coma a Lei de expropiación forzosa e ocupacións temporais, de 10 de xaneiro de 1879, así como o seu Regulamento, de 13 de xuño do mesmo ano. Outras disposicións, coma a Lei de 15 de marzo de 1940 de auxilio á minería ou o Decreto de 10 de febreiro de 1940 de concesión de auxilios ás novas industrias para a elaboración de substancias de interese nacional, reforzaban tamén as pretensións da empresa.

Unha vez que o 9 de abril de 1955 o director xeral do Instituto Nacional da Vivenda comunicalles aos responsables de Fontao a decisión do Ministerio de Traballo (do que dependía o Instituto) de declarar de urxencia as “*obras de construción*” propostas¹³, quereráse acelerar todo o proceso restante. Vencendo a resistencia dalgúns veciños, no *Faro de Vigo* de 29 de outubro de 1955 publícase por conta de Fomento Hispania S.A. o decreto de expropiación de 4 de marzo de 1955, publicado no *Boletín Oficial del Estado* o día 2 de abril dese mesmo ano.

No *Boletín Oficial del Estado* correspondente ao xoves 19 de abril de 1956, Fomento Hispania S.A. publica, seguindo o regulado para as vivendas protexidas, o “*anuncio de subasta*” para que as empresas construtoras poidan optar á realización das obras, cun importe fixado en 10.210.877,99 pesetas. Finalmente, a obra será realizada pola empresa propietaria da mina con persoal “reconvertido” e outro contratado ex profeso.

No concello de Vila de Cruces recíbese o día 5 de maio de 1956 un escrito asinado (con data do día anterior) polo enxeñeiro Aníbal González, director da sociedade Fomento Hispania, “*en el que comunica que el Instituto Nacional de la Vivienda y la Intervención General del Estado*” aprobaron o proxecto para a construción de 131 vivendas protexidas no lugar de Santiago de Fontao (Vila de Cruces) “*en terrenos propiedad de la empresa y expropiados*”, polo que solicita do alcalde a preceptiva autorización municipal para a súa construción. No seu escrito, o enxeñeiro director da mina de Fontao xunta o prego das condicións económicas e o prego das condicións técnicas, ademais da memoria descritiva.

J. Basilio dirixirá a obra *in situ*; literalmente a pé de obra, pois, como nos deixara apuntado, se instalará en Fontao o tempo que dure a construción do poboado. Alí formará o persoal necesario, supervisará ata o seu máis pequeno aspecto, redeseñará os edificios máis singulares... e mesmo acometerá a preparación dos medios de construción precisos nun contexto de gran carestía e de dificultades de aprovisionamento por efecto da continxentación das importacións e da debilidade das industrias españolas que puideran subministrar os materiais necesarios. O seu testemuño tamén agora é de extraordinario interese. Lembra: “*Mi primer gran proyecto después de acabar la carrera fue hacer un poblado con cine, iglesia, escuelas, y sin equipo de aparejadores ni nada. Tuve que formar a todo el mundo en las aldeas*”. E engade: “*En cuanto al proceso de construcción de Fontao, busqué carpinteros que eran los de la mina. Yo siempre busqué esencias gallegas muy grandes. Y cogía yo gente sin cultura ninguna a la que formé; no había material de construcción, entonces compré una máquina de bloques y allí en el campo de fútbol hicimos los bloques de 25x50. Y lo mismo con las vigas. Íbamos inventando todo a la vez que formábamos al personal, y con las baldosas del suelo... O sea que hicimos de todo, hasta hice un prototipo de las butacas del cine e hice el molde y las proyecté en serie*”.

¹³ Publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 2 do mesmo mes e ano.

Non contou tampouco con persoal técnico cualificado e moito menos con apareladores: “*No había, no. Hacía yo todos los papeles y, mientras, vivía allí... Contaba con gente de lugares próximos. No tuvimos demasiados problemas. El gallego se adapta bien a distintos trabajos y suele tener varios oficios*”.

Lembra tamén as dificultades para facerse co material de construción debido a que “*había cupos. Pero si la obra merecía la pena te daban equis kilos. El hierro y el cemento escaseaban*”. Compróbase como, efectivamente, os materiais elixidos responden á da súa eficaz posta en obra “*y en general con un aprovechamiento máximo de los fácilmente disponibles*” (García Braña, 1997, p. 32). En medio de tanta penuria, un dos logros dos arquitectos de Fontao (que comparten con outras solucións arbitradas polos arquitectos máis inquedaos) reside, precisamente, no feito de atopar nos recursos da construción a vía expresiva da arquitectura. Todos eles asumiron, salienta García Braña (2000, p. 70), “*que de la escasez debían hacer virtud, y de la tensión entre lo que en teoría sabían y podrían hacer en otras circunstancias y el campo estrecho en que la realidad les obligaba a moverse, había de producirse el milagro de su poética arquitectónica. De la humildad, el ascetismo, y el trabajo bien hecho reconociendo el valor del oficio, saldría el prodigio de sus propuestas*”.

Como deixa sinalado Basilio, o groso dos traballadores foran contratados pola empresa no ámbito do concello de Vila de Cruces e dos inmediatos. E a súa percepción non falla. Vese amplamente amparada pola información contida nos libros de rexistro da empresa. Coa perspectiva do tempo transcorrido, as posteriores xeracións de arquitectos que se achegaron á obra desenvolvida en Fontao loan a “intensidade” construtiva de todo o conxunto (García Braña e Agrasar Quiroga, 1998). Maior admiración suscita, se cabe, comprobar como coas posibilidades construtivas de entón, nun lugar apartado coma Fontao e cos medios dos que se valeron, non anulaban a capacidade expresiva da súa arquitectura.

A modo de conclusión queremos salienta que a construción do poboado constituía unha peza angular do proxecto xeral de saneamento e modernización emprendido pola empresa, que se estendía á organización empresarial así como á actividade extractiva e ás primeiras fases dos procesos de transformación realizados a pé de mina en Fontao. De feito, no momento da inauguración oficial do “*poblado*”, dedicárase un tempo especial a mostrarlles ás autoridades, e á vez facer públicas, as novas instalacións da empresa, como puntualmente, e co apoio gráfico, recollerán algúns medios de comunicación. Queríase ofrecer unha imaxe de empresa moderna, preocupada polo benestar dos seus traballadores e con capacidade para se adaptar aos novos tempos que se encamiñaban cara a unha incipiente liberalización económica.

Buscábase atraer, en primeiro lugar, “produtores” afeitos ao traballo no interior da mina; e sempre, en todo caso, xente en posesión dunha disciplina fabril e afastados, polo tanto, dos hábitos rurais dominantes entre os traballadores que procedían das aldeas veciñas. Precisábanse traballadores enraizados na vida da empresa, que

tamén se constituía no lugar de vivenda e habitación e de sociabilidade. Temíase tamén a competencia que poderían representar os novos aires da liberdade de emigrar coa apertura da emigración a Europa ou a zonas da España industrializada. Diante desta última circunstancia, a empresa non dubidou en anegar as comarcas da contorna con pequenos carteis nos que se refugaba a emigración mentres se invitaba ao traballo na mina, na que se lles ofrecía vivenda para as súas familias.

Fronte ao espazo propiamente industrial, que se localizaba na zona máis baixa, próxima ao curso do río Deza, a zona de vivendas e a de equipamento e servizos, é dicir, aquela “máis urbana” que propiamente se corresponde co poboado, ocupaba unha extensión superior aos 27.000 metros cadrados. Era o “novo” Fontao. Un conxunto que se pensaba autónomo, cun nivel de dotacións importante na súa época, e no que, porén, non se prevé un deseño de estrutura viaria, se cadra explicable pola temperá data da súa realización e no que posiblemente tamén tivo moito que ver o problema das vías de comunicación.

Por cuestións de espazo non abordamos agora a definición e a creación do novo Fontao, tema que nos ocupou en anteriores traballos, pero si queremos deixar constancia de que a zonificación racional dos espazos os preside a realización de todo o proxecto, reproducindo criterios solidamente asentados no urbanismo desde o século XIX. A zonificación do poboado diferencia facilmente as dúas áreas (constituídas pola zona residencial e pola de equipamentos e servizos), nas que se reproduce fielmente un esquema de unidade veciñal, da terceira –a “industrial”–, situada apenas a cincocentos metros, que acolle as instalacións mineiras, os lavadoiros, os almacéns, etc., e que ocupa a zona máis baixa e próxima ao río Deza. Na parte máis elevada, antes buscando a converxencia co vello núcleo rural ca unha radical segregación da aldea orixinaria, sitúase a zona residencial que, a súa vez, distribúe espaciadamente as vivendas das distintas categorías de traballadores (obreiros, capataces e técnicos).

Reflíctense tamén na construción do poboado, en medio das limitacións derivadas da longa posguerra, os logros na consecución da racionalización arquitectónica que, sen entrar agora na análise das linguaxes arquitectónicas, teñen unha das súas manifestacións tanto nas técnicas construtivas coma nos tipos de materiais utilizados. Pódese afirmar que toda a concepción do espazo do poboado está presidida por un marcado “sentido utilitario”, que lembra os axiomas do “funcionalismo arquitectónico” ensaiado por Walter Gropius, coa colaboración de A. Meyer, na fábrica Fagus, construída entre os anos 1911 e 1916 na Baixa Saxonia.

Nas páxinas anteriores fóisenos revelando como a historia do poboado industrial proxectado no ano 1954 é indisoluble da explotación de volframio e, nunha medida menor, de estaño. E éo así aínda que a súa construción se acometa unha vez pasados os tempos da forte expansión do “ouro negro”, coa expectativa posta, tras a finalización da guerra de Corea, nun novo e inminente ciclo alcista que non chegou a suceder.

Fontao quedou, por último, sumido nun case total abandono da minería, depositario, porén, dunha historia e duns vestixios materiais –na mina e no poboado– que reclaman unha atención singularizada. Nesta dirección, tentamos cubrir un pequeno baleiro, aquel que incumbe á historia do volframio e á realidade dun conxunto urbanístico moderno que proxecta o seu interese mais alá dos campos da arquitectura ou das relacións laborais e chega aos da economía, da antropoloxía ou do patrimonio industrial.

BIBLIOGRAFÍA

- ALFREY, J.; PUTNAM, T. (1992): *Industrial Heritage, Managing Resources and Uses*. Londres / New York.
- ALONSO DEL VAL, I.; ANDRÉS ÁLVAREZ, V. (1997): “De obrero a productor: Standard Eléctrica, un ejemplo de paternalismo industrial durante el franquismo”, *Historia y fuentes orales: Historia y memoria del Franquismo*, pp. 503-519. Ávila.
- AUBANELL, A.M. (1998): “Bienestar industrial en la empresa eléctrica madrileña en el primer tercio del siglo XX”, en C. Arenas Posadas, A. Florencio Puntas e J.I. Martínez Ruiz [ed.]: *Mercado y organización del trabajo en España, siglos XIX y XX*, pp. 141-160. Sevilla.
- BABIANO MORA, J. (1998): *Paternalismo industrial y disciplina fabril en España, 1938-1958*. Madrid.
- BALDELLOU, M.A. (1995): *Arquitectura moderna en Galicia*. Madrid.
- BOGAERTS MENÉNDEZ, J.R. (2000): *El mundo social de Ensidesa*. Avilés.
- BUCHANAN, R.A. (1968): *Industrial Archaeology in Britain*. Londres.
- BUCHANAN, R.A. (1980): *Industrial Archaeology in Britain*. (Edición revisada e aumentada) Londres.
- BUESA, M. (1984): “Las restricciones a la libertad de industria en la política industrial española (1938-1963)”, *Información Comercial Española*, pp. 107-121.
- DOMÉNECH, L. (1987): “Corrientes de la Arquitectura española de la posguerra”, en *Catálogo de la Exposición Arquitectura en Regiones Devastadas*. Madrid.
- DOREL FERRÉ, G. (1992): *Les colònies industrials a Catalunya: el cas de la colonia Sedó*. Barcelona.
- DOREL FERRÉ, G. (1995): “Arqueología industrial, pasado y presente. Entrevista a Louis Bergeron, presidente del International Committee for Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH)”, *Historia Industrial*, 7, pp. 169-195.
- DOREL FERRÉ, G. (1996): *Borgonyà: una colonia industrial del Ter*. Barcelona.
- FERNÁNDEZ GALIANO, F. (1989): *La quimera moderna. Los poblados dirigidos de Madrid en la arquitectura de los 50*. Madrid.
- FLORES, C. (1961): *Arquitectura española contemporánea*. Madrid.
- FLORES, C. (1987): “La obra de Regiones Devastadas en el contexto de la arquitectura española contemporánea”, *Catálogo de la Exposición Arquitectura en Regiones Devastadas*. Madrid.
- GARCÍA BRAÑA, C. (1997): “Modernos radicales en el noroeste: los poblados de la industria”, *Actas. Primer Seminario DOCOMOMO Ibérico*, pp. 29-34. Zaragoza.

- GARCÍA BRAÑA, C. (1998): “Poblado de Fontao”, en C. García Braña e F. Agrasar Quiroga [ed.]: *Arquitectura moderna en Asturias, Galicia y Castilla-León. Ortodoxia, márgenes y transgresiones*. A Coruña.
- GARCÍA BRAÑA, C. (2000): “Donde la construcción late. Arquitecturas de los cincuenta en Asturias y Galicia”, *Actas preliminares. Los años 50: La arquitectura española y su compromiso con la historia*, pp. 66-76. Pamplona.
- GARCÍA BRAÑA, C.; AGRASAR QUIROGA, F. [ed.] (1998): *Arquitectura moderna en Asturias, Galicia y Castilla-León. Ortodoxia, márgenes y transgresiones*. A Coruña
- GARCÍA RUIZ, J.L. (1999): “Del paternalismo al fayolismo: evolución de la organización interna de Mahou”, *Segundas Jornadas de Historia Económica de las Relaciones Laborales*. Sevilla.
- GARCÍA, J.L. (1996): *Prácticas paternalistas: un estudio antropológico sobre los mineros asturianos*. Barcelona.
- HUDSON, K. (1965): *Industrial Archaeology*. Londres.
- JIMÉNEZ ARAYA, T. (1974): “Formación de capital y fluctuaciones económicas. Materiales para el estudio de un indicador: creación de Sociedades Mercantiles en España entre 1886 y 1970”, *Hacienda Pública Española*, núm. 27, pp. 137-185.
- LANDES, D. (1979): *Progreso técnico y revolución industrial*. Madrid.
- LÓPEZ GARCÍA, M. (1993): “El concepto de patrimonio. Arqueología industrial”, *Abaco*, 2ª época, núm. 1.
- MARTÍNEZ RUIZ, J.I. (1998): “La historia económica de las relaciones laborales, nueva especialización disciplinar”, en C. Arenas et al. [ed.]: *Mercado de trabajo y organización del trabajo en España (siglos XIX y XX)*. Sevilla.
- MARTÍNEZ, X.L. (1998): “O poblado industrial das minas de Fontao (Pontevedra)”, *Obradoiro*, núm. 27, pp. 119-129.
- NEWELL, D. (1985): “Arqueología industrial y ciencias humanas”, *Debats*, 13.
- PATRONATO CENTRAL PARA LA REDENCIÓN DE PENAS POR EL TRABAJO (1942): *La obra de redención de penas. La doctrina, la práctica, la legislación*. Madrid.
- PEDREÑO CÁNOVAS, A. (1999): “Paternalismo empresarial como ejercicio del poder: el caso de la multinacional Peñarroya en la Sierra Minera de la Unión-Cartagena”, *Segundas Jornadas de Historia de las Relaciones Laborales*. Sevilla.
- PEÑA RAMBLA, F. (1998a): “Paternalismo y control social en la industria franquista: la empresa Segarra en la Vall d’Uixó”, *Sociología del Trabajo*, núm. 34, pp. 109-131.
- PEÑA RAMBLA, F. (1998b): *Història de l’empresa Segarra: paternalisme industrial y franquisme a la Vall d’Uxó, 1939-1952*. Castellón.
- PÉREZ CASTROVIEJO, P.M. (1997): “Vivienda obrera y primeros negocios inmobiliarios en la zona industrial de Vizcaya”, *Historia Social*, núm. 27, pp. 107-126.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; LOSADA, A. (2002): *El poblado minero de Fontao. El volframio en la historia empresarial y urbanística de Galicia*. Santiago de Compostela. (Edición en galego e en castelán).
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; LOSADA, A. (2004): “Producción española de volframio y ‘guerra económica’ 1936-1945”, en J. Fontana: *Història y projecte social. Recneixement a una trajectòria*. Barcelona.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; LOSADA, A. (2005): “El ciclo minero de creación de empresas en Galicia vinculado a la demanda internacional de volframio”, *VIII Congreso de la Asociación Española de Historia Económica*. Santiago de Compostela

- RUZAFÁ ORTEGA, R. (1998): *Antes de la clase: los trabajadores en Bilbao y la margen izquierda del Nervión, 1841-1891*. Bilbao.
- SEN RODRÍGUEZ, L.C. (1993): “Reclutar, consolidar y apaciguar: claves para una política de acción social en la minería leonesa, 1845-1959”, *Investigaciones Históricas* (época moderna y contemporánea), núm. 13, pp. 315-338.
- SIERRA ÁLVAREZ, J. (1986): “Hacerle agradable la vida al minero: disciplinas industriales en la minería leonesa, 1845-1959”, *León*, núm. 341, pp. 6-16.
- SIERRA ÁLVAREZ, J. (1987): “Minería gestión de la mano de obra en la Andalucía decimonónica: el caso de Villanueva de las Minas (Sevilla)”, *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, núm. 7, pp. 667-674.
- SIERRA ÁLVAREZ, J. (1990): “Microhistoria de una comunidad obrera secuestrada: Minas de Orbó (Palencia), 1864-1886”, *Historia Social*, núm. 6, pp. 3-21.
- SIERRA ÁLVAREZ, J. (1990): *El obrero soñado: ensayo sobre el paternalismo industrial (Asturias, 1860-1917)*. Madrid.
- Solá Morales, I. (1976): “La arquitectura de la vivienda en los años de la Autarquía, 1939-1953”, *Arquitectura*, núm. 199.
- TERRADAS SABORIT, I. (1979): *La colonia com a particularisme històric: l’Ametlla de Me-ro-la*. Barcelona.
- TOMÁS GARCÍA, L.J. (1991): *La minería sevillana del carbón: Minas de la Reunión y la Compañía de los Ferrocarriles de M.Z.A.* Sevilla.
- VÁZQUEZ DE CASTRO, A. (1987): *Arquitectura en Regiones Devastadas*. Madrid.
- VIAENE, P. (1994): “Contemplaciones sobre la arqueología industrial en Europa en las post-imerías del siglo XX: prioridades, metodologías, recursos”, *Arqueología Industrial*. San Fernando.